

Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL RP2026002169 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DE 14 DE MARZO DE 2026, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DA SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS SOCIAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DO ANO 2026

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL RP2026002169 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DE 14 DE MARZO DE 2026, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DA TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS SOCIAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DO ANO 2026

BDNS(Identif.):893315

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/893315>)

1. Persoas participantes

Poderán ser destinatarias dos premios as persoas físicas ou xurídicas da provincia de Pontevedra que desenvolvan ou desenvolvesen a súa traxectoria ou actividade profesional no eido social.

2. Obxecto

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, pon en marcha a segunda edición dos Premios Sociais da Deputación de Pontevedra, coa vontade de poñer en valor o compromiso de persoas, entidades e proxectos que destacan polo seu labor en defensa dos dereitos humanos, de apoio aos colectivos máis vulnerables e de loita contra calquera forma de discriminación.

3. Normativa aplicable

Bases reguladoras aprobadas pola Resolución presidencial XXXXXXXXXX de 15 de outubro de 2025 e polas Bases de execución do vixente Orzamento provincial.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5JCYZT3DNPF64VJ



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

4. Contía

A contía consignada para estes premios ascende a quince mil euros (15.000 €), con cargo á aplicación 25/231.2313.480.01 do Orzamento provincial.

5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na BDNS.

6. Outros datos de interese

As categorías ás que se pode optar nos premios son:

- Premio a toda unha vida profesional no eido social
- Premio a tres entidades de iniciativa social pola súa traxectoria
- Premio a tres proxectos ou iniciativas polo seu impacto social

Pontevedra, 16/03/2026

O presidente, Luis López Diéguez

